

SUAREZ GAYOSO, PAZ	2396,28
TOIMIL FERNANDEZ, MARCOS	2396,28
TOLEDANO MUÑOZ, CARLOS	2396,28
VALCARCE LOSADA, JUAN MANUEL	2396,28
VALERON CURBELO, DAVID	2396,28
VALIN FERNANDEZ, CONCEPCION	2396,28
VASNIC , DUMITREL	2396,28
VAZQUEZ ALVAREZ, INES	2396,28
VAZQUEZ TABOADA, MARIA OLGA	2396,28
VILLALON COMBO, ANA ISABEL	2396,28

TOTAL BENEFICIARIOS: 148**TOTAL: 354.649,44**

R. 4930

ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA DE TERRAS DO MIÑO

Anuncio

O Órgano de Participación da Reserva da Biosfera de Terras do Miño en sesión constitutiva celebrada o día 27 de outubro de 2011 e de acordo co establecido no Capítulo IV do seu Regulamento Orgánico, acordou convocar ás entidades, asociacións e grupos que podan ter interese no desenvolvemento da Reserva da Biosfera Terras do Miño, promovido pola Deputación Provincial de Lugo, para que presenten as súas candidaturas a fin da súa inclusión no Órgano de Participación.

Poderán presentar as súas candidaturas as seguintes entidades:

- Representantes das organizacións agrarias do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das comunidades de montes veciñais en man común do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das organizacións ecoloxistas do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das organizacións de turismo rural e/ou casas rurais do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das asociacións de defensa do Patrimonio do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes de asociacións que, polo seu interese, coñecementos, experiencia ou sensibilidade, consideren que deben pertencer ao Órgano de Participación, sempre que sexan do ámbito territorial da Reserva.

Cada candidatura deberá acompañar:

- Certificación que acredite a legal constitución da entidade.
- Relación de méritos que permitan avaliar a súa vinculación coa Reserva.
- Avals que sustenten a candidatura (nº de asociados á entidade, grupo ou asociación; nº de entidades, grupos ou asociacións que respaldan a candidatura; etc).

O prazo de presentación de candidaturas será de quince días naturais a partir do día seguinte da data de publicación do presente anuncio no BOP e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día a remisión da candidatura ao seguinte número de fax: 982 26 02 12.

Lugo, 27 de outubro de 2011.- O PRESIDENTE. José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO. José Antonio Mourelle Cillero.

R.5038

ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA DE OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ

Anuncio

O Órgano de Participación da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá en sesión constitutiva celebrada o día 28 de outubro de 2011 e de acordo co establecido no Capítulo IV do seu Regulamento Orgánico, acordou Convocar ás entidades, asociacións e grupos que poden ter interese no desenvolvemento da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá,